

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA PARA LEVAR A CABO O ACONDICIONAMENTO DO ESPAZO GAIÁS-TECH NO EDIFICIO DO CENTRO DE EMPRENDEMENTO DA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Xerente Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ten previsto formalizar coa Fundación Cidade da Cultura de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura do Convenio ata o 31/12/2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a configuración e acondicionamento do novo Espazo GaiásTech, un espazo colaborativo para impulsar a incorporación e o aseguramento da transferencia permanente dos avances dixitais ás actividades e sectores produtivos, no edificio CEM na Cidade da Cultura de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional fundaméntase, por unha parte no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus Estatutos, que no seu artigo 6 establece que a Amtega ten entre as súas competencias o impulso, asesoramento técnico e apoio en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e a súa aplicación para a modernización, innovación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.



Pola outra parte, A Fundación Cidade da Cultura de Galicia (en diante, Fundación CdC) foi constituída o 27 de decembro de 1999, mediante escritura pública outorgada ante o Notario de Santiago de Compostela, Jose Antonio Montero Pardo, co número 2825 do seu protocolo. Está constituída como “organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución”.

Mediante a Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a fundación como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro do 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta consellería co número 73.

A fundación ostenta a titularidade da “Cidade da Cultura de Galicia” (CdC), un innovador e vangardista complexo construtivo, de singular valor arquitectónico, deseñado por Peter Eisenman, situado no Monte Gaiás de Santiago de Compostela. A CdC inclúe diversas edificacións, infraestruturas, viarios e zonas verdes.

Segundo o artigo 6 dos estatutos constitúe o seu obxecto social *“a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural”*.

Neste contexto, considérase necesario a configuración e acondicionamento do Espazo Gaiás-Tech no edificio Centro de Emprendemento de Galicia (en diante, CEM) da Cidade da Cultura.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o carácter oneroso das actuacións obxecto do convenio, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

Santiago de Compostela,

O xerente da Amtega

P.S

O xefe do Departamento Xurídico da Amtega

Jorge Rubén Sampedro Grande

